

S. D. = Xosé Filgueira Salverde

Meu querido amigo e irmão: Recibiu a tua carta, mui agradecida por certo, e contéstoches tan apuro como podo. O da Real Academia Galega é unha cousa que me pon vermello, de vergonza. Se a cousa urrise para algo eu non debo entrar, porque eu non teño partida de académico e porque eu non sei nin tanqueroa facer ningún simple análise gramatical, cousa que xa sabe facer mellor que min o meu rapaz. Aseguroche que cando tin a nova en "Galicia" déronme ganas de rachalo periódico, e non podes decatartido o mal que me fai cando me falan d'iso, para ben ou para mal. Se a cousa vale eu non debo entrar e se a cousa non vale eu non debo entrar. Eu non debo entrar de ningunha maneira porque me dá vergonza, unha vergonza espantosa. Non penses que é modestia, pois eu non a teño; mais pensando-o ben cicas repa orgullo o non querer entrar e se ti qués vanidade. Eu non teño porque aturar de presidente á un delineante de obras públicas. Alí poucos entenden o galego, que é o meu que podían pediselle, e os que saben galego non traballan nada limitándose a loar o título coma unha condecoración non pensionada. A min os títulos míntes non me enchen e menos as cruces non pensionadas; lembrome que cando foi o andairo da gripe quiseron pedir para min a cruz de beneficencia y en opiniónme

esgrimindo a razão de que non tñia onde colgal-a. Pois
un iró da Academia pásame a mesma cousa, un tñeo
onde colgal-o título. En non fun nombrado e un quero
que me nombraran, pois violentariame muito cachear no
men caletre razóns que non ofendan en nada a Corpora-
ción, pois en aseguroche que non podería redactar unha
carta en que se Blasus Ponte me chatare de malcriado.
Non e non. En pégroche que fagas todo canto poidas a
fin de que a cousa fique esquecida. Correal e Doñeiro
teñen muita razón, muita razón. Os caricaturistas non
debemos ir á Academia e aínda pensos que Correal
dixono de coña pensando que os caricaturistas des-
cribiamos o ridículo que hay n'aquela casa. e iso non
convén.

En pégroche que non remexas o asunto, pois en
un capar de enignar se as pentes pensasen que en tñeo
interés en os académicos. Moi agradecido, muito; pero
deixade correal-as como tal como van, pois cicais se
esquezan de min e así xa non tñeo que remuniar.

Estiven dibuxando iniciais para os libros que vai a
imprentar Cabanillas, que está en Mondariz-Balneario.
Ben podías escribirille e pedirille que os libros leven o
selo de Seminario. Sigo traballando nos cruceiros
e xa tñeo vintedous. Se hay tempo pensos que a
cousa terá interés. Lousada está en Noides. O teu
libro está moi ben posto nas librerías e impreso que
se venderá. Lúisino como sempre. Todo está de maneira
que ti o desasche.

Saniunas lembranza a todos e parti muitas
apertas a
Castelao

Porto, 28 junho 1925